

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 10 DE AGOSTO DE 2015.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. JOSÉ MANUEL HERMIDA ARIAS.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA

Secretaria Accidental:

D^a. FÁTIMA CORTIZO SEIJAS.

Interventora:


D^a. MARTA OVIEDO CREO.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NÚM. 31 DE DATA 3 DE AGOSTO DE 2015.

Acordouse aprobar a acta Núm. 31/2015 da sesión ordinaria celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 3 de agosto de 2015 e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

2.- LICENZAS DE OBRAS.

2.1.- Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA para reforma interior da planta segunda da vivenda sita na rúa Principal, 15 - 2º – Lalín**, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 05/08/15 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 2.088,30 euros. Consta no expediente o



Secretaría Xeral
ingreso realizado polo citado concepto e importe.

3.- COMUNICACIÓN PREVIAS DE OBRAS.

3.1.- Acordouse **A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para acondicionamento de cuberta do edificio sito na r/ Joaquín Loriga, 17 – Lalín**, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 04/08/15 por importe de de 133,15 euros en concepto de ICIO. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

Igualmente, consta no expediente a constitución da fianza, con data 05/08/15, por importe de 960 euros.

3.2.- Acordouse **A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS PRESENTADA para reposición do material de cuberta dun galpón situado na parte posterior da vivenda, con placas de fibrocemento cor tella e substitución dalgúns pontóns e correas e remate contra a vivenda con morteiro e cemento, no lugar de Trascastro, 4 – Donramiro – Lalín**, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 04/08/15 por importe de de 131,25 euros en concepto de ICIO. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

4.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.-

4.1.- Acordouse prorrogar de mutuo acordo coa empresa contratista **HIDRAMAQ DEZA, S.L.** os contratos administrativos denominados:

- **“SERVIZO DE REPARACIÓN E MANTEMENTO DE MAQUINARIA DO CONCELLO DE LALÍN”(CSE072014). LOTE NÚM. 2: MANTEMENTO E REPARACIÓN INTEGRAL DOS CAMIÓN, RETROESCAVADORAS, MOTONIVELADORA E COMPACTADOR VIBRATORIO DO CONCELLO DE LALÍN.**

- **“SERVIZO DE REPARACIÓN E MANTEMENTO DE MAQUINARIA DO CONCELLO DE LALÍN”(CSE072014). LOTE NÚM. 3: MANTEMENTO E REPARACIÓN INTEGRAL DOS TURISMOS, VEHÍCULOS TODO TERREOS E FURGONETAS DO CONCELLO DE LALÍN.**

Ambas prórrogas terán unha duración dun (1) ano, e en consecuencia, extenderanse



Secretaría Xeral

desde o día 1 de setembro de 2015 ata o día 31 de agosto de 2016.

4.2.- Acordouse prorrogar de mutuo acordo coa empresa contratista **MAXIDEZA, S.L.** o contrato administrativo denominado “**SERVIZO DE REPARACIÓN E MANTEMENTO DE MAQUINARIA DO CONCELLO DE LALÍN**” (CSE072014) **LOTE 1: MANTEMENTO E REPARACIÓN INTEGRAL DOS TRACTORES, CORTACÉSPEDES, DESBROZADORAS DE TRACTOR E EQUIPOS DE TRABALLO A MOTOR DO CONCELLO DE LALÍN.**

A prórroga terá unha duración dun (1) ano, e en consecuencia, extenderanse desde o día 1 de setembro de 2015 ata o día 31 de agosto de 2016.

4.3.- Acordouse rexeitar a prórroga por mutuo acordo do contrato de servizos denominado “**SERVIZO DE MANTEMENTO DA CASA CONSISTORIAL DE LALÍN**” (CSE052013), adxudicado á empresa **CLECE, S.A.**

4.4.- Acordouse iniciar o expediente denominado **BASES TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A CONCESIÓN DE AUTORIZACIÓNS PARA A INSTALACIÓN DE ATRACCIÓNS DE FEIRA NA ZONA DO REGUEIRIÑO, DURANTE AS FESTAS PATRONAIS DO ANO 2015 (BC012015)** e aprobar as citadas Bases Técnicas e Administrativas e o *Proxecto de Feira para a ubicación de atraccións de feira na zona do Regueiriño*, redactado polo Arquitecto Técnico Municipal con data de 3 de agosto e incorporar os devanditos documentos ao expediente.

4.5.- Dáse conta do escrito presentado polo director das obras denominadas “**REHABILITACIÓN DA ANTIGA CASA DO CONCELLO DE LALÍN**” (CO042014) no cal solicita a tramitación e aprobación do Proxecto Modificado e achega, ao mesmo tempo a “*acta de paralización*” das obras en tanto non se aprobe o dito modificado.

5.- FACTURAS E CONTAS.

Previa existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente tendo en conta os informes da Interventora Municipal, de data 3 de agosto de 2015, fiscalizado con conformidade, a **Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes acordou** aprobar e declarar de abono facturas polos importes totais de **39.568,30 euros, 41.265,99 euros e 399,00 euros.**



6.- CERTIFICACIONES DE OBRAS.

6.1.- Acordouse aprobar a **certificación de obra núm. 1** da obra **“ACONDICIONAMENTO NOS CENTROS SOCIAIS DE MUIMENTA, LOSÓN E LODEIRO”** presentada pola entidade **CONSTRUCCIONES RAFER, S.L.**, redactada polo Director de Obra, D. Antonio Bernárdez Nogueira, cun importe que se acredita para o seu abono ao adxudicatario de **5.398,51 €**.

6.2.- Acordouse aprobar a **certificación de obra núm. 1** da obra **“PAVIMENTACIÓN DE VÍAS EN CAMPOSANCOS, OUTEIRO (BARCIA) E DOADE”** presentada pola entidade **CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.**, redactada polo Director de Obra, D. José Varela Calvo, cun importe que se acredita para o seu abono ao adxudicatario de **183.169,61 €**.


6.3.- Acordouse aprobar a **certificación de obra núm. 2 e final** da obra **“ACONDICIONAMENTO DO ESPAZO DE ACCESO NO CEIP XESÚS GOLMAR”** presentada pola entidade **CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.**, redactada polo Director de Obra, D. Antonio Bernárdez Nogueira, cun importe que se acredita para o seu abono ao adxudicatario de **32.307,00 €**.

7.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.-

7.1.- Acordouse **contratar** co arquitecto D. Pablo Fernández Villamarín o servizo de redacción de Proxecto básico e de execución para o Acondicionamento de local no Estadio Manuel Anxo Cortizo e o Acondicionamento de pistas cubertas no Lalín Arena, incluída a dirección de obra, dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde, así como a documentación de fin de obra, con suxeición ó réxime dos contratos menores de servizos e se autorice e comprometa un gasto por importe de 5.136,79 € (IVE incluído) para atender ao gasto derivado do citado contrato menor de servizos.

7.2.- Acordouse aprobar a **alta dun usuario no Servizo de Axuda no Fogar**, na modalidade para persoas en situación de dependencia, por 70 horas/mes.

7.3.- Acordouse acollerse á Orde do 10 de xullo de 2015, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para o financiamento de gastos correntes derivados



Secretaría Xeral
da realización de festivais, feiras, mostras, ciclos e certames de artes escénicas e musicais e solicitar unha subvención de 6.000,00 € para o desenvolvemento do Iº FESTIVAL DE MÚSICA INTERCULTURAL DE LALÍN.

7.4.- Acordouse contratar coa empresa TRAYFOR DEZA, S.L. o desbroce de 22,5 Km. de pistas municipais, en desenvolvemento do Convenio entre o Concello e a Consellería de Medio Rural e do Mar para a participación na prevención e defensa contra incendios, con suxeición ó réxime dos contratos menores de servizos, e autorizar e comprometer un gasto por importe de 3.000 € (IVE incluído) para atender ó gasto derivado do citado contrato menor de servizos.

7.5.- Acordouse formular *Alegacións á liquidación provisional do Convenio de Colaboración para a xestión da Escola Infantil de Lalín-Polígono correspondente aos exercicios 2008 a 2013.*

7.6.- Acordouse formular *Alegacións á liquidación provisional do Convenio de Colaboración para a xestión da Escola Infantil de Lalín-Pontiñas correspondente aos exercicios 2009 a 2013.*

7.7.- Acordouse a **concesión de axudas para a celebración de festas parroquiais e a realización de actividades culturais e educativas para o ano 2015.**

8.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

8.1.- Acordouse o **cambio de titularidade** na TAXA POR ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE en relación ao **vado permanente con placa nº 100**, ubicado no nº 25 da Rúa B.

8.2.- Acordouse **propoñer como festivos de carácter local do Concello de Lalín para o ano 2016 os días 26 e 27 de setembro de 2016.**

8.3.- Acordouse conceder autorización municipal ao **Grupo de consumo responsable Tarabela para a colocación dunha mesa informativa na rúa Colón os sábados en horario de 11:00 a 14:30 horas**, sobre o grupo de consumo e outros proxectos que traballan polo cambio de modelo de sociedade actual.

=====

